



# BOP

SÁBADO, 21 DE JULIO DE 2012

Nº 168

## DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org  
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### SECCIÓN DE ACTAS

##### Anuncio

Resolución da Presidencia da Excma. Deputación Provincial de Lugo, de data 10 de xullo de 2012, sobre nomeamento de persoal eventual que textualmente di o seguinte:

“Resultando que polo Pleno desta Deputación Provincial en sesión extraordinaria celebrada o día 7 de xullo de 2011, se aprobou a proposta da Presidencia sobre determinación do Cadro de Persoal Eventual da Entidade, conforme ao disposto polos artigos 104 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 205 da Lei 5/97, de Administración Local de Galicia, así como polo artigo 12 do Estatuto Básico do Empregado Público; esta Presidencia, en uso das atribucións que lle confire o artigo 104.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVE**:

Nomear con carácter de persoal eventual, coas condicións sinaladas no acordo plenario citado, adscrito á Área de Goberno de Presidencia (Gabinete de Presidencia), para prestar as súas funcións a esta Presidencia, a D.<sup>a</sup> Patricia Ben Magide, como Administrativo de Apoio, con efectividade do día 10 de xullo de 2012.

O persoal eventual nomeado cesa automaticamente, en todo caso cando se produza o cesamento ou expire o mandato da autoridade á que presten a súa función de confianza ou asesoramento”.

O que se fai público aos oportunos efectos.

Lugo, a dezaseis de xullo de dous mil doce. **O PRESIDENTE**, José Ramón Gómez Besteiro.- **O SECRETARIO**, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3109

### INSTITUTO LUCENSE DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E SOCIAL

##### Anuncio



**ANUNCIO RESOLUCIÓN RELATIVA Á APROBACIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES PÚBLICAS OU PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A EXECUCIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS NO MARCO DO PROXECTO “LUGO-PACTO PROVINCIAL POLO EMPREGO” MEDIANTE A SINATURA DUN CONVENIO.**

Por Resolución de Presidencia do INLUDES, de data 19 de xullo de 2012, adoptáronse entre outras as seguintes resolucións:

I.- Excluir a proposta presentada pola entidade “Asociación Sociedade Labrega Camplago”, por presentar a súa documentación sen incluíla en sobre algún.

II.- Proceder á concesión de subvencións ás entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro para a execución de accións formativas no marco do proxecto “Lugo-Pacto Provincial polo Emprego” cofinanciado nun 80% polas axudas do FSE previstas no Eixe 2 do Programa Operativo “Adaptabilidade e Emprego”, segundo se relaciona:

Acción formativa	Entidade	Importe
Coidador de discapacitados físicos e psíquicos (3 edicións)	Cruz Roja Española - Comité Provincial de Lugo	30.000,00 €
Atención especializada para enfermos de Alzheimer (3 edicións)	COGAMI	37.500,00 €
Auxiliar de enfermería en xeriatria (3 edicións)	Cruz Roja Española - Comité Provincial de Lugo	45.000,00 €
Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería (2 edicións)	UNIÓNS AGRARIAS-UPA	33.000,00 €
Dinamización de actividades de tempo libre educativo infantil e xuvenil (1 edición)	Fundación Lucus Augusti	15.500,00 €
Edificación sostible (1 edición)	Fundación Laboral de la Construcción Galicia	17.500,00 €
Emprendedurismo colaborativo (1 edición)	Fundación Lucus Augusti	5.000,00 €
Instalador de impermeabilización (1 edición)	Asociación provincial de empresarios de la Construcción de Lugo-APEC	17.500,00 €
Mantedor, reparador de calefacción e auga quente sanitaria (1 edición)	Asociación provincial de empresarios de la Construcción de Lugo-APEC	17.500,00 €
Técnico en comercio exterior (1 edición)	Fundación Lucus Augusti	15.000,00 €
Xestión comercial das vendas (1 edición)	Asociación de mulleres empresarias (AELU)	17.500,00 €
Produtor de hortalizas ecolóxicas (2 edicións)	UNIÓNS AGRARIAS -UPA	19.000,00 €



DEPUTACIÓN DE LUGO



Faise constar de maneira expresa a desestimación do resto de solicitudes.

Lugo, 20 de xullo de 2012.- O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero

R. 3185

## CONCELLOS

### BARREIROS

#### Anuncio

Visto lo dispuesto en la Resolución de 09 de Abril de 1997, en la que se dictan instrucciones técnicas a los Ayuntamientos sobre actualización del Padrón Municipal, así como de conformidad con lo establecido en el artículo 72 del Reglamento Población y Demarcación Territorial de las Entidades Locales aprobado por el R.D. 1690/1986, de 11 julio, en su redacción dada por el R.D. 2612/1996, de 20 de Diciembre, se procederá a realizar la baja de oficio en los siguientes términos: "los Ayuntamientos darán de baja de oficio, por inscripción indebida, a quienes figuren empadronados incumpliendo los requisitos establecidos en el artículo 54 de este Reglamento."

Visto, que se ha intentado notificar en dos ocasiones el inicio del procedimiento de baja de oficio en el Padrón Municipal de Habitantes al siguiente habitante: Don JURANDIR DE SOUZA, en su domicilio conocido de Barreiros, a medio de carta certificada con acuse de recibo, siendo devueltas por estar usted ausente

Visto, que el pasado día 05 de Junio de 2012, finalizo el plazo dado para efectuar la presentación de alegaciones, al objeto de acreditar que es éste el municipio en el que residen el mayor número de días al año, sin que usted hayan realizado presentación o justificación alguna al respecto,

**RESUELVO:**

Primeiro.- Acordar la publicación de esta Resolución en el Boletín Oficial de la Provincia, abriendo un nuevo período de 15 días hábiles para la presentación de la alegaciones y presentación de los documentos y justificaciones que se estimen oportunos con el fin de acreditar su situación.

Segundo.- Notificar, según lo establecido en la Resolución de 09 de Abril de 1997, en su apartado II, punto 3.3 c.2, en el que se establece :” en los casos en que los interesados manifiesten su disconformidad con la baja o no efectúen alegaciones algunas, una vez transcurrido el plazo señalado al efecto, y en todo caso, cuando el ciudadano no figure empadronado en ningún municipio, la baja sólo podrá llevarse a cabo con el informe favorable del Consejo de Empadronamiento” una vez transcurrido el período de alegaciones, se remitirá, al Consejo de Empadronamiento, toda la documentación que consta en el expediente, con el fin de que se emita informe favorable para realizar la baja de oficio de Don JURANDIR DE SOUZA.

Barreiros, 12 de Julio de 2012.- El Alcalde, José Alfonso Fuente Parga

Visto lo dispuesto en la Resolución de 21 de Julio de 1997, en la que se dictan instrucciones técnicas a los Ayuntamientos sobre actualización del Padrón Municipal, así como de conformidad con lo establecido en el artículo 72 del Reglamento Población y Demarcación Territorial de las Entidades Locales aprobado por el R.D. 1690/1986, de 11 julio, en su redacción dada por el R.D. 2612/1996, de 20 de Diciembre, se procederá a realizar la baja de oficio en los siguientes términos: “los Ayuntamientos darán de baja de oficio, por inscripción indebida, a quienes figuren empadronados incumpliendo los requisitos establecidos en el artículo 54 de este Reglamento.”

Visto, que se ha intentado notificar el inicio del procedimiento de comprobación de la continuidad de la residencia del extranjero que no está obligado a renovar su inscripción padronal en el Padrón de Habitantes, Doña ANNA KATHARINA NADIN KOUBEK, a medio de carta certificada con acuse de recibo, siendo recogida esta en fecha 21 de Junio de 2012.

Visto, que el pasado día 06 de Julio de 2012, finalizo el plazo dado para efectuar la presentación de alegaciones, al objeto de acreditar que es éste el municipio en el que residen el mayor número de días al año, sin que usted hayan realizado presentación o justificación alguna al respecto,

**RESUELVO:**

Primeiro.- Acordar la publicación de esta Resolución en el Boletín Oficial de la Provincia, abriendo un nuevo período de 15 días hábiles para la presentación de la alegaciones y presentación de los documentos y justificaciones que se estimen oportunos con el fin de acreditar su situación.

Segundo.- Notificar, según lo establecido en la Resolución de 1 de Abril de 1997, en su apartado II, punto 3.3 c.2, en el que se establece :” en los casos en que los interesados manifiesten su disconformidad con la baja o no efectúen alegaciones algunas, una vez transcurrido el plazo señalado al efecto, y en todo caso, cuando el ciudadano no figure empadronado en ningún municipio, la baja sólo podrá llevarse a cabo con el informe favorable del Consejo de Empadronamiento” una vez transcurrido el período de alegaciones, se remitirá, al Consejo de Empadronamiento, toda la documentación que consta en el expediente, con el fin de que se emita informe favorable para realizar la baja de oficio de Doña ANNA KATHARINA NADIN KOUBEK.

Barreiros, 10 de Julio de 2012.- El Alcalde, José Alfonso Fuente Parga

R. 3091

---

## CASTROVERDE

### *Anuncio*

Por MANUEL FERNANDEZ REGUEIRO, en representación de PIÑEIRO S.C., tense solicitado neste Concello licenza para ampliación de construcións agrarias: silos forraxeiros, na parroquia de Riomol.

De conformidade co disposto no artigo 8.3 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental, sométese a información pública por un período de 20 días mediante anuncio no BOP de Lugo, no DOG e no taboleiro de edictos do concello, para que os interesados poidan examinar o expediente na Secretaría do Concello en horario das 9 ás 14 horas, de luns a venres e, de ser o caso, formular os reparos ou observacións que consideren oportunos.

Este anuncio servirá de notificación ao abeiro do artigo 59.5º da Ley 30/1992, a todos aqueles que sexan descoñecidos ou se ignore o seu paradiro, ou ben, intentada ésta, non se puidese practicar.

Castroverde, 12 de xullo de 2012.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández

R. 3092

## CERVO

### *Anuncio*

Faise público que, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local modificada pola Lei 11/1999, por acordo plenario de data 13 de xullo de 2012, prestouse aprobación inicial do Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Cervo.

Dito expediente queda sometido a información pública durante o prazo de 30 días hábiles na Secretaría Municipal, período durante o que as persoas interesadas poderán presentar as alegacións ou reclamacións que estimen pertinentes.

De non se presentar reclamacións ó mesmo entenderase automaticamente aprobado de xeito definitivo.

Cervo, 13 de xullo de 2012.-O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez

R. 3133

### *Anuncio*

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 306/2012**

### **D. ALFONSO VILLARES BERMÚDEZ; ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CERVO (LUGO).**

Vista a Resolución da Alcaldía Nº 433/2011, de data 24 de xuño de 2011, na que se fixaba un réxime de delegacións de competencias de carácter xeral a favor dos concelleiros.

Considerando que de conformidade cos art. 21.3 e 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais lexislación concordante, esta Alcaldía pode delegar o exercicio das súas atribucións sempre e cando non se encontre dentro dos supostos previstos no art. 21.3 da Lei Reguladora das bases de Réxime Local.

Visto que o Pleno do Concello de Cervo na sesión que tivo lugar en data 31 de maio de 2012 tomou razón da renuncia de Dª María Pilar Álvarez Rodríguez e que en data 14 de xuño de 2012 recibíuse no Concello de Cervo a credencial da concelleira Dª María Concepción Pilar Armada Carrete procedente da Xunta Electoral Central designándoa Concelleira do Concello de Cervo.

Visto canto antecede, esta Alcaldía considera necesario proceder a un novo establecemento do réxime de delegacións e competencias a favor dos distintos concelleiros e no uso das atribucións que legalmente teño conferidas,

### **RESOLVO**

**PRIMEIRO.-** Modificar as delegacións atribuídas ós concelleiros por Resolución da Alcaldía de data 24 de xuño de 2011.

**SEGUNDO.-** As áreas de Urbanismo, Réxime Interior e Novas Tecnoloxías e a coordinación das distintas delegacións serán asumidas polo Alcalde- Presidente, D. Alfonso Villares Bermúdez.

**TERCEIRO.-** As delegacións por áreas de xestión e servizos municipais nos concelleiros quedan fixados da seguinte forma:

- Delegada de Deportes e Emprego e as específicas que sexan determinadas puntualmente pola Alcaldía : a Concelleira e Segunda Tenente de Alcalde Dª Yolanda Pedreira Cruz.
- Delegada de Facenda e Xuventude e as específicas que sexan determinadas puntualmente pola Alcaldía: a Concellería e Terceira Tenente de Alcalde Dª. Tania González Fernández
- Delegada de Medio Ambiente, Turismo, Sanidade e Cultura e as específicas que sexan determinadas puntualmente pola Alcaldía: a Concelleira. Dª Mª Begoña Alonso Quintanilla
- Delegado de Protección Civil, Seguridade Cidadá e Zona Rural e as específicas que sexan determinadas puntualmente pola Alcaldía: o Concelleiro D. José Ramón Soto Martínez
- Delegada de Obras, Educación, Servizos Sociais e Igualdade e as específicas que sexan determinadas puntualmente pola Alcaldía: a Concelleira Dª María Concepción Pilar Armada Carrete.

**TERCEIRO.-** Confírese a delegación de firma a favor de Dª Mª Begoña Alonso Quintanilla nos seguintes supostos:

- Autorización de uso dos locais da Casa da Cultura de San Cibrao.

Confírese a delegación de firma a favor de D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Begoña Alonso Quintanilla e na súa ausencia en D<sup>a</sup> Tania González Fernández nos seguintes supostos:

- Certificacións do Padrón Municipal de Habitantes.
- Certificacións e notificacións de acordos plenarios e dos órganos de goberno.

CUARTO.- As delegacións de atribucións nos concelleiros abranguen a facultade de dirixir e xestionar os servizos correspondentes, pero non inclúiran a facultade de resolver fronte a terceiros mediante actos administrativos e sen autorización do gasto.

QUINTO.- As atribucións delegadas deberanse exercer nos termos e dentro dos límites desta delegación, non sendo susceptibles de ser delegadas polos seus titulares noutro órgano ou concelleiro. E neste caso a Alcaldía poderá mandar ás distintas delegacións determinadas funcións específicas que sexan determinadas puntualmente pola Alcaldía.

Terase a obriga de manter informado puntualmente á Alcaldía das resolucións que se adopten por delegación.

SEXTO.- Estas delegacións, de conformidade co disposto polo artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, terán efecto dende o día seguinte á data de notificación desta Resolución ós concelleiros afectados, sen prexuízo da potestade de avocación desta Alcaldía.

SÉTIMO.- Notificar esta resolución ós concelleiros afectados, entendéndose aceptada a competencia delegada de forma tácita se, dentro do prazo das 24 horas seguintes, non se manifesta nada en contra ou se fai uso da delegación. Ás novas delegacións terán eficacia dende o momento en que tome posesión como concelleira desta Corporación D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Concepción Pilar Armada Carrete.

OITAVO.- Dar conta ó Pleno na primeira sesión que teña lugar da presente resolución, que producirá efecto dende o día seguinte ó da súa data en prexuízo da súa preceptiva publicación no BOP, conforme o disposto no art. 44 do RD 2568/1986 e notificación os designados.

Así o manda e asina o Sr. Alcalde- Presidente, Cervo, 29 de xuño de 2012.- O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez..

R. 3134

---

### *Anuncio*

En sesión plenaria extraordinaria celebrada en data 13 de xullo de 2012 sobre a reorganización da Corporación municipal do Concello de Cervo a efectos da determinación das retribucións a percibir tanto no referente ás dedicacións exclusivas como ás dedicacións parciais, adoptouse o seguinte acordo:

#### **“PRIMEIRO.-DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS.**

- As áreas de URBANISMO, RÉXIME INTERIOR E NOVAS TECNOLOXÍAS E A COORDINACIÓN DAS DISTINTAS DELEGACIÓNS seguirán sendo asumidas polo Alcalde-Presidente, Don Alfonso Villares Bermúdez, exercéndoas en réxime de DEDICACIÓN EXCLUSIVA cunha retribución anual de 39.841,20 € brutos, divididos en catorce pagas iguais (doce ordinarias e dúas extraordinarias) que sufrirá as mesmas actualizacións que se establezan para as retribucións do persoal ó servizo do Concello de Cervo.

#### **SEGUNDO.-DEDICACIÓNS PARCIAIS.**

- A Delegación de “OBRAS, EDUCACIÓN, SERVICIOS SOCIAIS E IGUALDADE e as específicas que sexan determinadas puntualmente pola Alcaldía”, serán asumidas por Dona María Concepción Pilar Armada Carrete, exercerase en réxime de DEDICACIÓN PARCIAL de forma que se realice unha dedicación mínima de 65 horas ó mes exercidas segundo as necesidades da Delegación e que deberán se xustificadas documentalmente. A DEDICACIÓN PARCIAL suporá unha retribución anual de 13.580,04€ brutos, divididos en catorce pagas iguais (doce ordinarias e dúas extraordinarias) que sufrirá as mesmas actualizacións que se establezan para as retribucións do persoal ó servizo do Concello de Cervo e con efectos dende a súa toma de posesión.

- A Delegación de “MEDIO AMBIENTE, CULTURA, TURISMO E SANIDADE e as específicas que sexan determinadas puntualmente pola Alcaldía”, serán asumidas por Dona María Begoña Alonso Quintanilla, exercerase en réxime de DEDICACIÓN PARCIAL de forma que se realice unha dedicación mínima de 45 horas ó mes exercidas segundo as necesidades da Delegación e que deberán ser xustificadas documentalmente. A DEDICACIÓN PARCIAL suporá unha retribución anual de 9.800,04€ brutos en catorce pagas iguais (doce ordinarias e dúas extraordinarias), que sufrirá as mesmas actualizacións que se establezan para as retribucións do persoal ó servizo do Concello de Cervo.

- A Delegación de “PROTECCIÓN CIVIL, SEGURIDADE CIDADÁ E ZONA RURAL e as específicas que sexan determinadas puntualmente pola Alcaldía”, seguirán sendo asumidas por Don José Ramón Soto Martínez, exercéndoas en réxime de DEDICACIÓN PARCIAL de forma que se realice unha dedicación mínima de 29 horas ó mes exercidas segundo as necesidades da Delegación e que deberán ser xustificadas documentalmente. A

DEDICACIÓN PARCIAL suporá unha retribución anual de 6.311,76€ brutos en catorce pagas iguais (doce ordinarias e dúas extraordinarias), que sufrirá as mesmas actualizacións que se establezan para as retribucións do persoal ó servizo do Concello de Cervo.

**TERCEIRO.-** Que se publique o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Corporación, para que sexan de xeral coñecemento."

Cervo, 17 de xullo de 2012.- O Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez

R. 3135

---

*Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria de 13 de xullo de 2012 a modificación da plantilla do Concello de Cervo para o exercicio 2012 coa extinción dunha praza de persoal eventual coa súa conseguinte amortización, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e disposicións concordantes, expónse ao público na Intervención do Concello de Cervo por prazo de 15 días hábiles, que empezarán a contar dende o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao fin de que durante o mesmo os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións, que deberán ser dirixidas ao Alcalde-Presidente desta Corporación.

Cervo, 17 de xullo de 2012.- O Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez

R. 3136

---

*Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación de 13 de xullo de 2012 o orzamento xeral do Concello de Cervo para o exercicio 2012, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e disposicións concordantes, expónse ao público na Intervención do Concello por prazo de 15 días hábiles, que empezarán a contar dende o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao fin de que durante o mesmo os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións, que deberán ser dirixidas ao Alcalde-Presidente desta Corporación.

Cervo, a 17 de xullo de 2012.- O Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 3137

---

*Anuncio*

Aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o 13 de xullo de 2012, a modificación das Ordenanzas Fiscais nº 32 reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Cervo, nº 35 reguladora da taxa por ensinanzas especiais en establecementos docentes das Entidades Locais. Escolas Deportivas municipais e a nº 36 reguladora da Taxa pola Prestación do Servizo do Punto de Atención Infantil, en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei de Bases de Réxime Local, aprobada pola Lei 7/1985, de 2 de abril e en virtude do disposto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e disposicións concordantes, anúnciase a exposición ó público no taboleiro de anuncios do Concello durante 30 días, ó fin de que os interesados poidan examinalas e presentar as reclamacións que estimen oportunas, que deberán ser dirixidas ó Alcalde-Presidente desta Corporación.

Cervo, 17 de xullo de 2012.- O Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez

R. 3138

---

LUGO

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

"GESTIBECA SPORT, S.L." solicitou desta Alcaldía licenza municipal para a instalación dun establecemento de xestión, distribución e almacén de produtos deportivos na rúa das Cesteiras, parque empresarial IN-F, rueiro C, parcelas 7 e 8.

Cumprindo o disposto no apartado 3 do artigo 8 do Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días, a fin de que durante o mesmo -que empezará a contarse dende o día seguinte ó da publicación do presente edicto-, poida examinarse o expediente no Servizo de Licenzas, polas persoas que dalgún xeito se consideren afectadas

pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Lugo, 9 de xullo de 2012.- O ALCALDE, José Clemente López Orozco

R.3093

### Anuncio

#### AREA DE ECONOMÍA

#### Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana

#### INSPECCIÓN DE TRIBUTOS APROBACIÓN DEFINITIVA DAS ACTAS DE INSPECCIÓN E POSTA Ó COBRO:

De conformidade co Artigo 112.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que dice: "Cando o inicio dun procedemento o calquera dos seus trámites se entendan notificados por non haber comparecido o obrigado tributario ou seu representante, se lle terá por notificado das sucesivas actuacións e dilixencias de dito procedemento e se manterá o dereito que lle asiste a comparecer en calquer momento do mesmo". De acordo con iste precepto e téndose notificado mediante publicación no Boletín o Inicio das Actuación Inspectoras, procédese a elevar a firmes as seguintes Actas de Disconformidade mediante os seus respectivos Decretos da Alcaldía, asinados pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde do Área de Economía e Emprego, Dona Sonia Méndez García, delegación otorgada mediante Decreto número 64/2007, do libro de Resolución de Actas e Goberno e normalización lingüística:

DECRETO	INTERESADO	DEBEDA	XUROS	TOTAL
RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 12005872 DE 09/07/2012 QUE APROBA ACTA DE DISCONFORMIDADE I020951-049-12 DE DATA 15/05/2012	B36876514 - PROMOTORA GALVAS 2000 SL ÚLTIMO DOMICILIO: RUA MARQUES DE VALLADARES, 23 P07 G - VIGO (36201 PONTEVEDRA)	1.255,27 €	166,62 €	1.421,89 €
RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 12005865 DE 09/07/2012 QUE APROBA ACTA DE DISCONFORMIDADE I020944-012-12 DE DATA 15/05/2012	B27262492 - MORBIDELL GALICIA SL ÚLTIMO DOMICILIO: LUGAR ANGUIEIRO (SANTO ANDRE DE CASTRO) - LUGO (27160 LUGO)	4.843,47 €	821,41 €	5.664,88 €
RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 12005869 DE 09/07/2012 QUE APROBA ACTA DE DISCONFORMIDADE I020948-033-12 DE DATA 15/05/2012	B27211291 - P P MERINO SL ÚLTIMO DOMICILIO: RONDA MURALLA (DA), 161 PBJ - LUGO (27004 LUGO)	12.857,47 €	2.111,44 €	14.968,91 €
RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 12005873 DE 09/07/2012 QUE APROBA ACTA DE DISCONFORMIDADE I020952-056-12 DE DATA 15/05/2012	033805557L - FERMIN ALVAREZ ARMESTO ÚLTIMO DOMICILIO: AV ATLANTIDA,34,ENT F - VIGO (36208 PONTEVEDRA)	256,45 €	34,42 €	290,87 €
RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 12005868 DE 09/07/2012 QUE APROBA ACTA DE DISCONFORMIDADE I020947-023-12 DE DATA 24/05/2012	033316872S - VICTOR MANUEL BASADRE OROZCO ÚLTIMO DOMICILIO: PEDANEO JOSE SANCHEZ M18-5°C - MURCIA (30030 MURCIA)	314,05 €	61,18 €	375,23 €
RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 12005870 DE 09/07/2012 QUE APROBA ACTA DE DISCONFORMIDADE I020949-042-12 DE DATA 15/05/2012	033313570W - DIEGO EUGENIO LOPEZ NEIRA ÚLTIMO DOMICILIO: LUGAR OS ALARGOS 23- S. MARTIN DE GUILLAR - OUTEIRO DE REI (27150 LUGO)	111,03 €	14,94 €	125,97 €
RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 12005867 DE 09/07/2012 QUE APROBA ACTA DE DISCONFORMIDADE I020945-019-12 DE DATA 15/05/2012	036043349A - ALEJANDRO MERA MOSQUERA ÚLTIMO DOMICILIO: RUA TRES - SANTA ISABEL, 7 - OUTEIRO DE REI (27150 LUGO)	588,34 €	93,66 €	682,00 €

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 12005874 DE 09/07/2012 QUE APROBA ACTA DE DISCONFORMIDADE I020953-073-12 DE DATA 15/05/2012	033307117N - RAUL JOSE OTERO PRIETO ÚLTIMO DOMICILIO: AVDA MADRID,41-5º - LUGO (27002 LUGO)	1.288,70 €	161,52 €	1.450,22 €
RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 12005871 DE 09/07/2012 QUE APROBA ACTA DE DISCONFORMIDADE I020950-044-12 DE DATA 15/05/2012	033622743D - ROMUALDO MANUEL PAREDES PRIETO ÚLTIMO DOMICILIO: CZADA GANDARAS (DAS), 11 P08 B - LUGO (27003 LUGO)	136,09 €	22,89 €	158,98 €
RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 12005864 DE 09/07/2012 QUE APROBA ACTA DE DISCONFORMIDADE I020935-419-11 DE DATA 15/05/2012	033319221H - MARIA PAZ TEIJEIRO VARELA ÚLTIMO DOMICILIO: C/MEDICO RODRIGUEZ,18-20,11 DR - A CORUÑA (15004 LUGO)	2.499,50 €	405,38 €	2.904,88 €

Infórmase ós Interesados que nas Dependencias da Inspección Tributaria sitas no Concello de Lugo, oficinas da Ronda Da Muralla 197, 2º Andar, atópanse a súa disposición as cartas de pagamento de ditas actas para que no prazo de quince días naturais, contados o día seguinte ó da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia as podan retirar, dándose por notificados. Transcurrido iste prazo sen que se producise a comparecencia, a notificación entenderase realizada para tódolos efectos legais dende o seguinte ó do vencemento daquel, comezando nise momento os **PRAZOS PARA EFECTUA-LO INGRESO EN PERÍODO VOLUNTARIO**, que será:

a) Ata o día 20 (ou inmediato hábil posterior se aquel fora festivo) do mes seguinte, cando o período de recollida dos recibos remate entre os días 1 e 15 de cada mes.

b) Ata o día 5 (ou inmediato hábil posterior se aquel fora festivo) do segundo mes posterior cando o período de recollida dos recibos remate entre os días 16 e derradeiro do mes.

Transcurrido o prazo indicado sen que se faga o ingreso se esixirá o seu cobro pola vía administrativa de constrinximento, coas recargas, xuros e os costes que procedan.

#### RECURSOS:

**Segundo Decreto núm. 52/2009 do Libro de Resolucións en materia de Tesourería e Recadación, en cumprimento do disposto nos artigos 34.1 a) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, e 137 da Lei 7/85, de 2 de abril, Lei de Bases de Réxime Local, indícaselle que contra a presente resolución poderá interpoñer:**

a) **Recurso potestativo de reposición, previo á reclamación económico-administrativa, ante o órgano que ditou o acordo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da recepción da súa notificación, debendo constar no escrito de interposición que non se impugnou o acordo na vía económico-administrativa.**

b) Ou directamente reclamación económico-administrativa perante o Tribunal Económico-Administrativo no mesmo prazo.

O recurso de reposición entenderase presuntamente desestimado cando transcurrido un mes contado desde o día seguinte ao da súa presentación, non recaera resolución expresa.

Contra a resolución expresa ou presunta do citado recurso de reposición poderá interpoñer reclamación económico-administrativa perante do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo, no prazo dun mes.

A reclamación económico-administrativa entenderase presuntamente desestimada se non se resolvese no prazo dun ano desde a súa presentación. A resolución expresa ou presunta da reclamación económico-administrativa pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se é expresa, ou de seis meses desde o día seguinte á que deba entenderse presuntamente desestimada.

A interposición do recurso non suspenderá a execución do acto impugnado, coas consecuencias legais conseguintes. Non obstante, poderá suspenderse a execución do acto impugnado mentres dure o trámite do recurso impugnado coa presentación dalgunha das seguintes garantías:

a) Depósito en diñeiro efectivo.

b) Aval ou fianza de carácter solidario prestado por un banco ou caisa de aforros cando o débito exceda de 1.500,00 euros.

c) Fianza persoal e solidaria prestada por dous contribuíntes da localidade de recoñecida solvencia, para débitos que non excedan da cantidade de 1.500,00 euros.



Lugo, dez de xullo de 2012.-O Inspector Xefe, Francisco Rivera Iglesias, Vº Bº) Da Ilma. Sra. TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DO ÁREA DE ECONOMÍA. Dª. Sonia Méndez García.

R. 3094

## AS NOGAIS

### *Anuncio*

#### **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, NOMEAMENTO DE MEMBRO DA XUNTA DE GOBERNO**

Vista a credencial de nomeamento de concellal pola Xunta Electoral Central de D. Jaime Gallardo López, e habéndose procedido no Pleno de 5 de xullo de 2012 á toma de posesión do referido concellal, en virtude do disposto nos artigos 21.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o artigo 46.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais e de conformidade co disposto no artigo 62.1, da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, veño en resolver:

**PRIMEIRO:** Nomear como membro da Xunta de Goberno do Concello de As Nogais ao concellal D. Jaime Gallardo López, quedando constituída cos concelleiros seguintes:

Sr. D. Juan Álvarez González.  
Sr. D. Marcos Busto Rodríguez.  
Sr. D. Jaime Gallardo López.

**SEGUNDO:** Da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre, notificándose, ademais persoalmente ao designado e se publicará no Boletín Oficial da Provincia, sen perxuízo da súa efectividade desde o día seguinte da presente resolución.

Mando e asino o Sr. Alcalde do Concello de As Nogais, D. Jesús Manuel Núñez Díaz, en As Nogais a nove de xullo de dous mil doce.

Ante min, O Alcalde, O Secretario

R. 3095

### *Anuncio*

#### **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, NOMEAMENTO DE TENENTE DE ALCALDE**

Vista a credencial de nomeamento de concellal pola Xunta Electoral Central de D. Jaime Gallardo López, e habéndose procedido no Pleno de 5 de xullo de 2012 á toma de posesión do referido concellal, en virtude do disposto nos artigos 21.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o artigo 46.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais e de conformidade co disposto no artigo 62.1, da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, veño en resolver:

**PRIMEIRO:** Designar como Tenente de alcalde do Concello de As Nogais ao concellal, D. Jaime Gallardo López, quedando os mesmos por esta orde:

Sr. D. Juan Álvarez González.  
Sr. D. Marcos Busto Rodríguez.  
Sr. D. Jaime Gallardo López.

**SEGUNDO:** Da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre, notificándose, ademais persoalmente ao designado e se publicará no Boletín Oficial da Provincia, sen perxuízo da súa efectividade desde o día seguinte da presente resolución.

Mando e asino o Sr. Alcalde do Concello de As Nogais, D. Jesús Manuel Núñez Díaz, en As Nogais a nove de xullo de dous mil doce.

Ante min, O Alcalde, O Secretario.

R. 3096

**XOVE***Anuncio*

Polo Pleno Municipal en sesión celebrada o día 16 de xullo dos presentes, acordouse a aprobación inicial da modificación do Regulamento de Organización e Funcionamento da Escola Municipal de Ximnasia Rítmica así como a aprobación inicial da Ordenanza Municipal Reguladora da Limpeza, Salubridade e Ornato de Espazos Públicos no Concello de Xove.

Os citados expedientes atópanse de manifesto ao público na Secretaría ou Intervención do Concello, podendo formularse reclamacións contra os mesmos durante o prazo de trinte días a contar desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e entendéndose elevado a definitivos os precitados acordos no caso de non formularse reclamacións ou alegacións contra os mesmos durante o prazo referido, sen necesidade de novo acordo plenario, e debendo ser publicados os acordos definitivos e os textos íntegros , para a súa entrada en vigor, no B.O.P.

Xove, a 16 de xullo de 2012.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa

R. 3102

---

*Anuncio*

Polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o 16 de xullo dos presentes aprobouse o expediente de modificación de créditos número 8/2.012, de Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito, por importe de 419.983,97 €.

De conformidade co establecido no artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se regula o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación co 169 do mesmo texto legal, exponse ao público na Intervención deste Concello polo prazo de quince días hábiles, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de reclamacións ante o Pleno.

No suposto de que non se presenten reclamacións considerarase aprobada definitivamente a modificación de créditos, podendo presentarse recurso contencioso-administrativo desde a data da aprobación definitiva.

Xove, a 16 de xullo de 2012.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa

R. 3103

---